



## COMISIÓN PERMANENTE DA XUNTA DA FACULTADE DE DEREITO DE OURENSE ACORDOS ADOPTADOS NA REUNIÓN ORDINARIA DO DÍA 16 DE SETEMBRO DE 2016

### Acórdase por asentimento<sup>1</sup>:

1. Aprobar a acta da reunión ordinaria do día 21 de xullo de 2016.
2. A designación, consonte aos criterios sinalados polo Regulamento para a elaboración do TFG en Dereito, do tribunal avaliador dos Traballos de Fin de Grao para o curso académico

2016-2017: Tribunal titular:

Presidente: Prof.<sup>a</sup> Dr.<sup>a</sup> Mercedes Fátima de Paula Pombar

Vogal: Prof. Dr. Virxilio Rodríguez Vázquez

Secretario: Prof. Dr. Ángel Aday Jiménez Alemán

Tribunal suplente:

Suplente 1º: Prof.<sup>a</sup> Dr.<sup>a</sup> Mónica Siota Álvarez

Suplente 2º: Prof.<sup>a</sup> Dr.<sup>a</sup> Francisca Fernández Prol

Suplente 3º: Prof. Dr. Fernando de Franco Paz

3. Respecto á titorización dos Traballos de Fin de Grao da convocatoria de Fin de Carreira, excluído o alumnado de nova matrícula:

- a) O mantemento dos titores asignados no curso académico 2015-2016 ás alumnas D.<sup>a</sup> Nuria Lorenzo Vázquez e D.<sup>a</sup> Carlota Cora Pérez Milo
- b) O mantemento dos titores asignados no curso académico 2015-2016 ao resto do alumnado, consonte ao establecido no artigo 5.4 do Regulamento ao ter unha validez máxima de dous cursos académicos.

4. A aprobación, consonte o Regulamento para a elaboración do TFG en Dereito, dos seguintes criterios para a asignación de titor/a ao alumnado de nova matrícula para a convocatoria de Fin de Carreira:

- a) Exclusión, a efectos do posterior sorteo, do profesorado que no curso pasado tivera asignados catro estudantes -número máximo de titorizacións no curso 2015-2016- (D.<sup>a</sup> María Dolores Fernández Fustes, D.<sup>a</sup> Mónica Siota Álvarez, D. Roberto Ignacio Fernández López, D. Roberto O. Bustillo Bolado e D. Virxilio Rodríguez Vázquez).
- b) Exclusión, a efectos do posterior sorteo, dos membros do tribunal do curso pasado.
- c) Exclusión, a efectos do posterior sorteo, dos membros do tribunal do presente curso.

5. A designación, por sorteo entre os docentes restantes, consonte a Disposición Adicional 2ª do Regulamento para a elaboración do TFG en Dereito, das persoas titoras das catro alumnas de nova matrícula:

- D.<sup>a</sup> Nereida Díaz Álvarez: Prof.<sup>a</sup> Dr.<sup>a</sup> Inés Iglesias Canle
- D.<sup>a</sup> Ana Digón Caño: Prof.<sup>a</sup> Dr.<sup>a</sup> Ana María Tobío Rivas
- D.<sup>a</sup> Ana Isabel González Fernández: Prof.<sup>a</sup> Dr.<sup>a</sup> Susana Álvarez González
- D.<sup>a</sup> Belén Justicia Diéguez: Prof. Dr. Pablo Bonorino Ramírez

<sup>1</sup> Toda a documentación pode consultarse na Secretaría do Decanato.

En relación co exposto, acórdase, así mesmo:

- a) Remitir un correo electrónico ás/aos docentes titores das catro alumnas de nova matrícula
  - b) Remitir un correo electrónico ás devanditas alumnas comunicándolles a correspondente asignación de titor/a para o curso académico 2016-2017 e indicándolles que deben contactar coa persoa asignada ao obxecto de consensuar a proposta temática.
  - c) Fixar ata ás 13:00 h. do vindeiro xoves, día 22 de setembro, como prazo para que as devanditas alumnas presenten na Secretaría do Decanato as correspondentes propostas temáticas.
6. Fixar os seguintes prazos de entrega de solicitudes para a presentación pública e avaliación do Tralaballo de Fin de Grao para o curso académico 2016-2017:
- Convocatoria de Fin de Carreira: ata as 14:00 h. do día 28 de outubro de 2016
  - Convocatoria de xuño: ata as 14:00 h. do día 2 de xuño de 2017
  - Convocatoria de xullo: ata as 14:00 h. do día 7 de xullo de 2017

Ourense, 19 de setembro de 2016



Concepción Martínez Martínez  
SECRETARIA DA FACULTADE DE DEREITO

DILIXENCIA para facer constar que os acordos adoptados na reunión ordinaria da Comisión Permanente da Xunta da Facultade de Dereito de Ourense, celebrada o día 16 de setembro de 2016, se publicaron oficialmente no taboleiro de anuncios da Facultade o día 19 de setembro de 2016.



Concepción Martínez Martínez  
Secretaria da Facultade de Dereito